

IV CIRCUITO 2017 REGULAMENTO



COMANDO PELA
COSTA
DA MORTE

máis preto de ti

organizan:



patrocinan:



colaboran:



Indice

1. Ideoloxía.....	3
2. Probas.....	4
3. Categorias, distancias e horarios.....	5
4. Percorridos.....	6
5. Normativa xeral e de seguridade.....	6
6. Dereitos de imaxe, uso de datos e autorizacións.....	7
7. Sistema de cronometraxe / chips e recollida de dorsais.....	7
8. Tipos de competicións.....	8
9. Competición por equipos.....	8
10. Competición adaptada.....	10
11. Inscripcións das competicións individuais e adaptada.....	10
12. Carreira 3K Contra o Cancro.....	12
13. Clasificacións e trofeos/medallas de carreira.....	12
14. Clasificacións e trofeos/medallas do IV Circuito Correndo pola Costa da Morte.....	13

1. Ideoloxía

O Circuíto de Carreiras Populares “*Correndo pola Costa da Morte*” é un programa anual de carreiras populares, que ten por obxectivo fomentar a práctica de actividade física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable.

Dito circuíto está promovido e organizado por un conxunto de concellos da Costa da Morte: Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas.

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos (dende os 2 anos).

1.1. As posibilidades de participación son fundamentalmente dúas en **sénior**:

1.1.1 Corredores de carreiras: son aqueles deportistas (adultos e menores de idade) que se inscriben nunha ou en varias das probas das que se compón o circuíto pero que non participan na competición do circuíto. Deberán facer unha inscrición por cada unha das probas nas que desexen participar. Nas categorías de adultos os corredores terán a posibilidade de inscribirse na proba 3K Contra o Cancro ou 10K.

- As inscricións para os corredores/as de circuíto pecharanse antes da celebración da cuarta proba puntuable.
- Na proba 3K Contra o Cancro participarán en categoría absoluta independentemente da súa idade. A distancia desta proba poderá variar entre os 2000 e os 4000 metros en función do concello organizador.
- Na proba 10K (categorías sénior, M40 e M50) a distancia poderá variar entre os 8000 e 10000 metros en función do concello organizador.

1.1.2 Corredores de circuíto (3K Contra o Cancro e 10K): son deportistas (adultos) que se inscriben co obxectivo de completar un mínimo de sete probas do circuíto na modalidade de 3K Contra o Cancro ou 10K. Estes atletas entran na clasificación particular das probas nas que participan e tamén na clasificación xeral do circuíto.

- Deberán facer unha única inscrición e correr obrigatoriamente con chip amarelo.
- Os corredores de Circuíto poderán participar de xeito simultáneo na **competición por equipos**, sempre que estean inscritos dentro dun equipo.

1.2. En categorías base as posibilidades de participación son fundamentalmente dúas:

1.2.1 Corredores de circuíto (todas as categorías excepto Pitufo): son os atletas que participan na liga.

- As inscricións para os corredores/as de circuíto pecharanse antes da celebración da cuarta proba puntuable.
- As inscricións deberán facerse na plataforma www.championchipnorte.com.
- A **autorización paterna para todo o circuíto** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais e

chip en cada unha das probas do circuíto (o chip terán que devolvelo despois de cada carreira).

A autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com ou en www.mazaricos.gal.

- Teñen que asistir a un mínimo de sete carreiras do total do circuíto para puntuar.

1.2.2 Corredores de carreira: son aqueles deportistas que se inscriben nunha ou en varias das probas das que se compón o circuíto pero que non participan na competición do circuíto.

- Deberán facer unha inscrición por cada unha das probas nas que desexen participar.
- As inscricións deberán facerse na plataforma www.championchipnorte.com
- A **autorización paterna** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com ou en www.mazaricos.gal.

2. Probas

O circuíto estará composto por un total de 10 probas. Comezará o día 12 de marzo de 2017 coa VI Carreira Popular Concello de Camariñas, e rematará o 15 de outubro de 2017 coa IV Carreira Popular Concello de Fisterra.

	CONCELLO	DATA	PROBA
1ª proba	Camariñas	12-03-2017	VI Carreira Pedestre Concello de Camariñas
2ª proba	Vimianzo	26-03-2017	VII Carreira Pedestre Concello de Vimianzo
3ª proba	Mazaricos	14-05-2017	II Carreira Pedestre Concello de Mazaricos
4ª proba	Dumbría	27-05-2017	III Carreira Pedestre Concello de Dumbría
5ª proba	Zas	03-06-2017	IV Carreira Pedestre Concello de Zas
6ª proba	Cee	24-06-2017	IV Carreira Pedestre Concello de Cee
7ª proba	Muxía	09-07-2017	IV Carreira Pedestre Concello de Muxía
8ª proba	Carnota	20-08-2017	XXVI Carreira das Areas Concello de Carnota
9ª proba	Corcubión	16-09-2017	XVI Carreira Pedestre Vila de Corcubión
10ª proba	Fisterra	15-10-2017	IV Carreira Pedestre Concello de Fisterra

Os horarios das carreiras das distintas categorías serán establecidos polo concello organizador e poderán ser consultados en www.championchipnorte.com así coma nas diferentes páxinas web dos concellos.


3. Categorías, distancias e horarios

CATEGORÍA		IDADES	DISTANCIAS	HORARIO
Pitufo	Mixto	2010 – 2014 (ambos incluídos)	150-300 m. (aprox.)	13:00:00
Benxamín	Masculino	2009-2008	1000 m. (aprox.)	10:30:00
	Feminino			
Alevín	Masculino	2007-2006	1000 m. (aprox.)	10:30:00
	Feminino			
Infantil	Masculino	2005-2004	2000-4000 m. (aprox.)	11:00:00
	Feminino			
Cadete	Masculino	2003-2002	2000-4000 m. (aprox.)	11:00:00
	Feminino			
Xuvenil	Masculino	2001-2000	2000-4000 m. (aprox.)	11:00:00
	Feminino			
Absoluta 3K Contra o Cancro	Masculino	1999 (incluído) e anteriores	2000-4000 m. (aprox.)	11:00:00
	Feminino			
Sénior 10K	Masculino	1978-1999	8.000 - 10.000 m.	11:45:00
	Feminino			
Veteranos M40	Masculino	1968-1977	8.000 - 10.000 m.	11:45:00
	Feminino			
Veteranos M50	Masculino	1967 (incluído) e anteriores	8.000 - 10.000 m.	11:45:00
	Feminino			
Cadeira de rodas	Masculino	2001 (incluído) e anteriores	8.000 – 10.000 m.	11:45:00
	Feminino			
Handbike	Masculino	2001 (incluído) e anteriores	8.000 – 10.000 m.	11:45:00
	Feminino			

4. Percorridos


Carreira Alevín e Benxamín: 1.000 m. Aproximadamente (10:30 h.)

Percorrido: Campo da Feira, Avda. 13 de Abril, Rua Miguel Figueira, Rua do Batán, Rua Wolfran, Rua do Xallas, Avda. Francisco Suarez Salgado, Campo da Feira.



Carreira 3K Contra o Cancro (categorías Absoluta, Xuvenil, Cadete e Infantil): 3.000 m aproximadamente (11:00 h.)


Percorrido: Campo da Feira, Rua Benito Jurjo, Avda. 13 de Abril, Rua Miguel Figueira, Rua Rey Ferradas, Igrexa, Quintans, A Picota, Rua do Wolfran, Rua do Xallas, Avda. Francisco Suarez Salgado, Campo da Feira



Carreira 10K (categorías Sénior, M40, M50, cadeira de rodas e handbike): 10.000 m (11:45 h.)


O circuíto 10K é un recorrido de 5 Km ao que se lle dan 2 voltas:

Percorrido: Campo da Feira, Rua Benito Jurjo, Avda. 13 de Abril, Rua Miguel Figueira, Rua Rey Ferradas, Igrexa, Quintáns, Lugarnovo, Sanfoga, A Picota, Rua do Xallas, Avda. Francisco Suarez Salgado, Campo da Feira



Carreira Pitufos: 300 m aproximadamente(13:00 h.)

Percurso: Circuito do Campo da Feira.



5. Normativa xeral e de seguridade

- 5.1. Todas as probas incluídas no programa do circuíto de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte” rexeranse pola **regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia**, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).
- 5.2. Cada proba estará subscrita ao **seguro de responsabilidade civil** do concello onde se realice, ou da Federación Galega de Atletismo. Tamén contará cun **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/199.
- 5.3. Así mesmo todas as probas contarán cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico para aquelas probas que non superen os 750 participantes.
- 5.4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
- 5.5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.
- 5.6. Os atletas que durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.
- 5.7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.
- 5.8. Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orden, as normas da F.G.A., RFEA e I.A.A. F. en vigor.
- 5.9. O concello de organizador porá a disposición dos participantes na carreira unha zona habilitada para que se podan cambiar e duchar. Así mesmo tamén porá a disposición dos corredores un servizo de garda roupa.
- 5.10. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
- 5.11. O concello organizador porá a disposición dos corredores e corredoras da carreira 3K Contra o Cancro e 10K un servizo de fisioterapia.
- 5.12. Os e as participantes adultos recibirán un agasallo conmemorativo no momento da recollida dos dorsais. O feito de estar inscrito no Circuíto non implica que se teña dereito a ningún tipo de agasallo.
- 5.13. Descualificacións:
 - 5.13.1 O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
 - 5.13.2 Todo atleta que non realice o percorrido completo.

5.13.3 O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.

6. Dereitos de imaxe, uso de datos e autorizacións

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A solicitude de inscrición para os **deportistas menores** de idade deberá ir acompañada dunha **autorización paterna** segundo o modelo establecido pola organización. Dito modelo poderase descargar da páxina web www.mazaricos.gal así coma de www.championchipnorte.com.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- 6.1. O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- 6.2. Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- 6.3. O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

7. Sistema de cronometraxe / chips e recollida de dorsais

- 7.1. Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip (deberá ir suxeito aos cordóns das zapatillas).
- 7.2. Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías (facilitado pola organización), **agás pitufo**.
- 7.3. Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (facilitado pola organización).
- 7.4. O atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuíto.
- 7.5. O atleta que non porte dorsal poderá ser desqualificado se así o estima a dirección de carreira.
- 7.6. O **horario de apertura das mesas** para a recollida de dorsais será **a partir das 9:30 horas**. Os dorsais e chips poderanse recoller ata 30 minutos antes do inicio de cada proba.
- 7.7. Os **corredores de circuíto 10K ou 3K Contra o Cancro** que participan na liga deberán usar obrigatoriamente o **“chip amarelo”**. Do mesmo xeito empregarán un **único dorsal** para todas as probas do circuíto.
 - 7.7.1 Tanto o dorsal coma o chip (no caso de non posuílo) recollerase na primeira proba do circuíto na que participen os inscritos, no lugar habilitado para tal efecto. A retirada de dorsal e chip deberá realizarse como mínimo con 30 minutos de antelación ao inicio da carreira.
 - 7.7.2 No caso da perda do chip o atleta deberá mercar outro a través da páxina de Championchip.

- 7.7.3 No caso da perda ou rotura do dorsal, poderá solicitar outro á organización. Non haberá posibilidade de solicitar un terceiro dorsal.
- 7.8. Os **corredores de carreira** e os corredores de categorías inferiores (os de circuíto e carreira) usarán o “**chip de carreira**”, que deberán **devolver** á organización **ao remate** da mesma.
Estes corredores deberán recoller o seu dorsal e chip antes da carreira no lugar habilitado para tal efecto ata 30 minutos antes do inicio da proba.
- 7.9. Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionárase coa expulsión do circuíto do portador e do/a atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuíto.

8. Tipos de competicións

- 8.1. **Competición Individual** (ver punto 11).
- 8.2. **Competición por equipos** (ver punto 9).
- 8.3. **Competición adaptada** (ver punto 10).

9. Competición por equipos

- 9.1. Os/as atletas poderán participar na competición por equipos, sempre e cando estean inscritos na **competición individual de circuíto** na modalidade 3K Contra o Cancro ou 10K.
- 9.2. **Formación de equipos:** Os equipos terán que estar formados por un mínimo de 5 e un máximo de 10 corredores. No equipo deberá haber obrigatoriamente participación feminina, seguindo a seguinte correlación:

Número de atletas por equipo	Número de atletas femininas por equipo
5 ou 6	2 mulleres como mínimo
7 ou 8	3 mulleres como mínimo
9 ou 10	4 mulleres como mínimo

*Poderá haber equipos formados unicamente por atletas femininas.

- 9.3. **Inscricións:** Para formalizar as inscricións por equipo podedes ler as instrucións que aparecen no seguinte enlace <https://championchipnorte.com/ayuda-equipos>
- 9.4. **O prazo de inscrición** rematará o mércores día 8 de marzo de 2017 ás 23:59 horas. **A partir de dita data non se poderán realizar máis inscricións por equipos e tampouco se poderán facer modificacións nos integrantes dos equipos.**
- 9.5. **Sistema de puntuación:**
- 9.5.1 Para poder puntuar todos os atletas do equipo deberán correr e rematar 3 carreiras do circuíto como mínimo.
- 9.5.2 Para poder puntuar nunha carreira deberán participar e rematar un mínimo de 3 atletas do equipo, independentemente do xénero.

- 9.5.3 Se nunha determinada carreira un equipo non remata a proba cun mínimo de 3 atletas, dito equipo será penalizado do seguinte xeito: todos os atletas do equipo (ata completar o mínimo de tres) que non rematen ocuparán o último posto na clasificación xeral masculina da carreira e a puntuación do equipo será a que lle corresponda tendo en conta ditos postos.
- 9.5.4 Os/as atletas adaptados (só cadeira de atletismo) poderán integrarse dentro dun equipo e poderán puntuar só naquelas probas nas que o percorrido sexa o mesmo que os da competición non adaptada.
- 9.5.5 O sistema de puntuación rexerese por unha táboa de *clasificación compensada*, na que entrarán tanto os resultados dos atletas adaptados coma os dos non adaptados.
- 9.5.6 O sistema de puntuación establecerase segundo os seguintes baremos:

Posto de chegada a meta	Número de atletas chegados á meta	
Puntuarán os 5 primeiros/as atletas do equipo que entren en meta en función da súa clasificación por sexo (masculino ou feminino)	3 chegados á meta	6 puntos
	4 chegados á meta	10 puntos
	5 chegados á meta	15 puntos
	6 chegados á meta	16 puntos
A puntuación por posto de chegada sairá da suma dos postos de chegada de cada atleta puntuable do equipo segundo o seu xénero	7 chegados á meta	17 puntos
	8 chegados á meta	18 puntos
	9 chegados á meta	19 puntos
	10 chegados á meta	20 puntos

- 9.5.7 A puntuación total do equipo calcularase segundo a seguinte fórmula: suma dos puntos por posto (ata os 5 primeiros) / puntos número de chegados.

EXEMPLO PRÁCTICO

Equipo A: 6 chegados nos postos 10 masc + 20 masc + 21 masc + 5 fem + 10 fem + 15 fem

Puntos por posto de chegada a meta: 60

Puntos por chegados á meta: 16

Puntos do equipo: $60/16 = 3,75$ puntos.

Neste exemplo práctico tomamos a referencia de clasificación dos dous primeiros masculinos (postos 10 e 20) e as tres primeiras femininas (postos 5, 10 e 15) para facer a suma dos puntos por chegados.

10. Competición adaptada

10.1. Competición adaptada 10K en cadeira de rodas masculina e feminina.

10.2. Competición adaptada 10K en handbike masculina e feminina.

- 10.3. Poderán participar en handbike ou cadeira de rodas todas aquelas persoas que cumpran os requisitos esixidos neste regulamento, estean federados ou non, con discapacidade física que xustifique a súa participación en dita modalidade.
- 10.4. **Só poderán participar nestas categorías atletas que cumpra 18 ou máis anos no ano 2017 e menores de idade nad@s en 2001 e 2000**, sempre e cando os responsables de ENKI o consideren adecuado despois de estudar o grao de discapacidade. No suposto que non sexa así, incluírase ao atleta na proba que mellor se adapte ás súas condicións independentemente da idade. Os/as menores nados/as en anos anteriores aos antes mencionados, só poderán correr na carreira 3k Contra O Cancro ou na categoría que lle corresponda por idade.
- 10.5. Nas probas onde exista competición adaptada a saída dos atletas en cadeira de rodas e handbike realizarase con antelación á saída do resto de atletas.
- 10.6. Os/as atletas en cadeira de rodas ou handbike poderán participar igualmente naquelas carreiras que non formen parte do seu Circuíto, sempre que o percorrido o permita. Nestes casos ditos atletas non poderán optar a premios.
- 10.7. Os atletas deberán presentarse na zona de control (Carpa ENKI) 30 minutos antes do inicio da proba para pasar o control de material, realizado pola organización.
- 10.8. No control de material revisarase os seguintes elementos, que deberán estar homologados e funcionar correctamente:
- Casco
 - Chasis
 - Banderín de visibilidade
 - Rodas
 - Sistema de freado
 - Sistema de dirección
- 10.9. O calendario de carreiras do Circuíto adaptado é o seguinte:
- VI Carreira pedestre Concello de CAMARIÑAS.
 - VII Carreira pedestre Concello de VIMIANZO.
 - II Carreira pedestre Concello de MAZARICOS.
 - IV Carreira pedestre Concello de ZAS.
 - IV Carreira pedestre Concello de CEE.

Estamos pendentes de confirmar a posible inclusión da carreira de FISTERRA no Circuíto de carreiras adaptadas.

- 10.10. Para poder optar á clasificación de Circuíto os/as atletas de categoría adaptada deberán participar (chegar á meta) nun mínimo de 4 carreiras.

11. Inscripcións das competicións individuais e adaptada

- 11.1. **As inscricións realizaranse a través da páxina web www.championchipnorte.com, ata o mércores anterior á celebración da proba ás 23:59.**
- 11.2. As inscricións para os participantes nas categorías sénior, M40, M50, adaptadas (cadeira de rodas e handbike) só se poden facer a través da plataforma de Championchip.

- 11.3. As inscricións para os atletas menores de idade** poderá realizarse a través da plataforma championship ou presentando un formulario de inscrición no departamento de deportes do concello de Mazaricos.
- 11.4.** Existen dous tipos de inscrición para atletas adultos:
- 11.4.1 Corredores de circuío:** son os atletas que participan na liga.
- Os atletas poderán participar no circuío 10K ou no 3K Contra o Cancro (deberán especificalo no momento de realizar a inscrición).
 - Teñen que asistir a un mínimo de sete probas do total do circuío.
 - Deben usar obrigatoriamente “chip amarelo” e usarán un dorsal único para todo o circuío.
 - Realizarán a inscrición e o pago unha única vez.
 - As inscricións para os corredores de circuío pecharanse antes da celebración da cuarta proba puntuable.
- 11.4.2 Corredores de carreira:** son atletas (adultos) que só participan de maneira puntual nalgunha das probas do circuío.
- OS CORREDORES DE CARREIRA PODERÁN INSCRIBIRSE NA PROBA 10K OU NA PROBA 3K CONTRA O CANCRO.
 - Non participan na liga.
 - Deberán realizar a inscrición para aquelas probas nas que queiran participar.
 - Deberán correr cun chip que se lles facilitará no momento da recollida do dorsal e que deberán devolver ao remate da proba.
- 11.5.** Cotas de inscrición:
- 11.5.1** A inscrición para os atletas adultos (sénior e veteranos) para unha proba determinada terá un custo de 5 € para aqueles corredores que posúan chip, e de 6 € para aqueles corredores que deban alugar o chip.
- 11.5.2** A inscrición para os atletas adultos (sénior e veteranos) **para o circuío** terá un custo de 25 € para aqueles que teñan chip en propiedade, e de 35 € (25 € de inscrición + 10 € pola compra do “chip amarelo”) para aqueles que deban mercar o chip.
- 11.5.3** A participación no circuío de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte” permite aos atletas adquirir o “chip amarelo” en propiedade por un prezo reducido de 10 €. Dito chip será válido para participar en calquera proba cronometrada por Championship.
- 11.6.** Existen dous tipos de inscrición para atletas de **categoría base** (as cales serán gratuítas)
- 11.6.1 Corredores de circuío (todas as categorías agás Pitufos):** son os atletas que participan na liga.
- As inscricións para os corredores/as de circuío pecharanse antes da celebración da cuarta proba puntuable.
 - Farase na Plataforma championship www.championchipnorte.com.
 - A **autorización paterna para todo o circuío** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais **en cada unha das probas do circuío**. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com ou en www.mazaricos.gal.

- Teñen que asistir a un mínimo de sete carreiras do total do circuíto.

11.6.2 Corredores de carreira: Plataforma championchip www.championchipnorte.com

- A **autorización paterna** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com.
- Presentando a **autorización paterna asinada** no Departamento de Deportes do concello organizador.

11.6.3 Os participantes de categoría Pitufu poderán facer a inscrición do seguinte xeito:

- Plataforma championchip www.championchipnorte.com A **autorización paterna** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com ou en www.mazaricos.gal.
- Presentando a **autorización paterna asinada** no Departamento de Deportes dos diferentes concellos organizadores ou entregándoa nas conserxerías dos Centros Educativos.
- *O prazo de inscrición pecharase o mércores anterior á data da carreira ás 23:59 h. e non se aceptará ningunha inscrición unha vez rematado dito prazo.*

12. Carreira 3K Contra o Cancro

Carreira 3K Contra o Cancro



Na 4ª edición do Circuíto seguiremos **colaborando coa Asociación Provincial Contra o Cancro**. Deste xeito todo o que se recade coas inscricións desta proba (agás o correspondente ao aluguer ou compra de chips) irá destinado a ese fin e será entregado a dita asociación cando remate do circuíto, na gala de entrega de trofeos.

Así mesmo todas aquelas persoas que desexen colaborar coa Asociación Provincial contra o Cancro, sen participar en ningunha competición, poderán facelo inscribíndose no apartado **Fila 0** que aparecerá na web www.championchipnorte.com, dentro de cada unha das probas que compoñen o circuíto.

13. Clasificacións e trofeos/medallas de carreira

13.1. Clasificacións da proba 10K:

- 13.1.1 Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.
- 13.1.2 Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (sénior, M40, M50, adaptado en cadeira de rodas, e adaptado en handbike), independentemente da súa condición de corredores de carreira ou de corredores de circuíto.
- 13.1.3 Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a empadroadado/a do concello organizador.
- 13.1.4 Os equipos só recibirán trofeo e/ou medalla na gala final.

13.2. Clasificacións da proba 3K Contra o Cancro:

- 13.2.1 Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.
- 13.2.2 Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías Absoluta (nados en 1999 ou antes), Xuvenil, Cadete e Infantil independentemente da súa condición de corredores de carreira ou de corredores de circuío.

13.3. Clasificacións da proba Benxamín e Alevín:

- 13.3.1 Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.
- 13.3.2 Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías Benxamín e Alevín.

13.4. Medallas conmemorativas:

Ademais nas categorías Pitufo, Benxamín e Alevín, recibirán medalla conmemorativa todos os participantes en ditas probas.

14. Clasificacións e trofeos/medallas do IV Circuíto Correndo pola Costa da Morte

14.1. Clasificacións do circuío 10K:

- 14.1.1 Para poder optar a esta clasificación os atletas deben inscribirse no circuío 10K. Os atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuío non optan a esta clasificación.
- 14.1.2 Os atletas participantes no circuío deberán completar un mínimo de sete probas para poder optar aos premios, agás os corredores adaptados que deberán correr as probas que formen parte do circuío adaptado.
- 14.1.3 No caso de correr máis de 7 probas, o atleta puntuará cos mellores 7 resultados acadados.
- 14.1.4 A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas (1º posto=1 punto / 2º posto=2puntos / 3º posto=3 puntos....de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.
- 14.1.5 No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:
 - Número de probas rematadas.
 - Maior número de mellores postos.
 - Maior distancia en quilómetros percorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).
- 14.1.6 Recibirán trofeo e/ou medalla de campións do circuío os tres primeiros e tres primeiras clasificados/as das categorías sénior, M40, M50.
- 14.1.7 Recibirán o **trofeo Especial Conservas Boya** o primeiro e primeira clasificados da categoría adaptada en handbike e tamén o primeiro e primeira clasificados da categoría en cadeira de rodas.
- 14.1.8 Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a local (empadroados nos concellos organizadores do circuío).

14.1.9 Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a foráneo (atletas non empadroados nos concellos organizadores do circuíto).

14.2. Clasificacións do circuíto 3K Contra o Cancro:

14.2.1 Para poder optar a esta clasificación os atletas deben inscribirse no circuíto 3K Contra o Cancro. Os atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuíto non optan a esta clasificación.

14.2.2 Os atletas participantes no circuíto deberán completar un mínimo de sete probas para poder optar aos premios.

14.2.3 No caso de correr máis de 7 probas, o atleta puntuará cos mellores 7 resultados acadados.

14.2.4 A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos....de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.

14.2.5 No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:

- Número de probas rematadas.
- Maior número de mellores postos.
- Maior distancia en quilómetros recorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).

14.2.6 Recibirán trofeo e/ou medalla de campións do circuíto os tres primeiros e tres primeiras clasificados/as da categoría absoluta.

14.3. Clasificacións por equipos:

14.3.1 Recibirán un vale por importe de 250€ a cambiar na tenda de deportes Aurora Sport de Cee o primeiro equipo clasificado no Circuíto 10K.

14.3.2 Recibirán un vale por importe de 250€ a cambiar na tenda de deportes Aurora Sport de Cee o primeiro equipo clasificado no Circuíto 3K Contra o Cancro.

14.4. Clasificacións do circuíto de base:

14.4.1 Para poder optar a esta clasificación os atletas deben inscribirse no circuíto de cada categoría de base. Os atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuíto non optan a esta clasificación.

14.4.2 Recibirán trofeo e/ou medalla de campións do circuíto os tres primeiros e tres primeiras clasificados/as das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

14.4.3 Os atletas participantes no circuíto deberán completar un mínimo de 7 probas para poder optar aos premios.

14.4.4 No caso de correr máis de sete probas, o atleta puntuará cos mellores 7 resultados acadados.

14.4.5 A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas na súa categoría (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos....de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.

14.4.6 No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:

- Número de probas rematadas.
- Maior número de mellores postos.
- Maior distancia en quilómetros recorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).

14.5. Premios especiais:

14.5.1 Recibirán un **diploma conmemorativo** todos/as os/as **corredores/as de circuíto** que **rematen todas as probas** do circuíto na modalidade na que se inscribiron.

14.5.2 Recibirán un **diploma conmemorativo** todos/as os/as **corredores/as de circuíto de base** que **rematen todas as probas** do circuíto na modalidade na que se inscribiron.

14.6. Entrega de trofeos aos campións de circuíto:

Unha vez rematadas as probas do *Circuíto de Carreiras Populares "Correndo pola Costa da Morte"* organizarase un acto de entrega de trofeos/medallas a todos/as os/as tres primeiro atletas en cada unha das categorías, así como un acto de entrega dos premios especiais. O lugar e data no que terá lugar dito acto de entrega será comunicado coa suficiente antelación.

Organizan:



Patrocinan:

Patrocinadores



Colaboradores

